SEMINARIO

Desenvolvemento Rural e Espazos Naturais



8-10 de xuño de 2018

Vilariño de Conso

Seminario ≪Desenvolvemento rural e espazos naturais≫

Vilariño de Conso, 8-10 de xuño de 2018

Con case o 80% da superficie municipal declarada dun ou doutro xeito como protexida, Vilariño de Conso é o quinto concello galego con máis territorio incluído dentro dunha figura de conservación da natureza. Isto xa representa de por si unha singularidade notábel, á que cómpre engadir o feito que un terzo do concello constitúe un Parque Natural, circunstancia da que non participan outros concellos situados na «banda alta» galega de contaren con moita porcentaxe protexida. Ademais, o Parque Natural do Invernadeiro é un caso único en Galicia por varios motivos, entre os que hai que salientar que se atopa enteiramente en mans públicas e que é o único do país no que se esixe unha solicitude previa para visitalo. Vilariño de Conso é, polo tanto, o lugar ideal para reflexionarmos sobre espazos naturais e desenvolvemento rural nos ámbitos de baixas densidades demográficas, propósito básico do seminario que se celebrará os días 8, 9 e 10 de xuño de 2018.

Con este evento preténdese abrir á sociedade local, e a persoas interesadas na temática, o debate sobre «que facer» en Galicia cos inmensos espazos naturais nos que tradicionalmente existiran actividades agrogandeiras. Estas atópanse hoxe en recuada, mais, ironicamente, o carácter da paisaxe e boa parte da biodiversidade nestas zonas depende da presenza histórica do gando, así como de distintas prácticas agrarias e do uso do monte. Durante anos supúxose que a recepción de visitantes ía achegar a «solución» en forma de ingresos que permitisen dun ou doutro xeito o seu mantemento, nomeadamente no caso dos espazos protexidos. Con todo, na actualidade comeza a estar claro que o turismo ten os seus límites, pois non dá chegado a todas partes, nin talvez sexa este o escenario desexábel baixo o paradigma da sustentabilidade. Tamén cómpre desbotar os grandes investimentos previstos en plans pretéritos, propios doutras épocas. Emerxe, pois, a reactivación do sector primario como argumento forza. A pregunta é como.

Un foro como o que se propón debe beneficiarse da experiencia xa acumulada noutros lugares similares en Europa, nos que se está falando destas cuestións desde hai décadas e nos que existen xa casos de «boas prácticas» que nos poden permitir contar cun certo balance de partida. De aí que se conviden a participar no seminario expertos de fóra de Galicia para que achegen o que aconteceu, e que se fixo, en territorios de características similares: gran valor natural e paisaxístico, baixas densidades demográficas e de actividades económicas, avellentamento demográfico, intentos de desenvolver unha economía turística, potencial dun sector primario que non sempre acaba de «despegar», etc.

En todo caso, o traballo non pode ser completo se o esgotamos nunha mera «transferencia» de boas prácticas cara ao noso territorio. Temos que ser capaces de recoller as súas peculiaridades, poñendo en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico co que contamos e, desde logo, avaliando as iniciativas turísticas que se levaron a cabo, así como as actividades económicas doutra natureza que xa existen. Estes dous grandes bloques temáticos serán o fío condutor do seminario, no que tamén se prevén dúas saídas de campo para poder debater sobre o terreo diversas cuestións prácticas directamente relacionadas co propósito do seminario.

Programa [30 h en total]

Venres, 8/6/2018

9:00 Inauguración-Presentación
10:00 Desenvolvemento rural e espazos protexidos: un oxímoro?
Valerià Paül (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela)
11:30 Pausa-café
12:00 La biodiversidad de las montañas ibéricas: ¿cuestión de naturaleza o cuestión de cultura?
El papel de las actividades agroganderas en la conformación de los paisajes vegetales
Josep Maria Panareda (Institut d'Estudis Catalans)
13:30 Debate sobre as conferencias da mañá
14:00 Xantar
15:30 Actividade no campo (5 h) de visita a explotacións agropecuarias e silvícolas da zona

Sábado, 9/6/2018

9:00 ¿Qué futuro para la Francia rural de bajas densidades? Entre desarrollo y protección de la naturaleza
Johan Milian (Département de Géographie, Université Paris 8)
10:30 Pausa-café
11:00 Há esperança de futuro para o rural português em 2080? Iniciativas emergentes de desenvolvimento para contrariar a tendência de desertificação e despovoamento
Ana Firmino (Departamento de Geografia e Planeamento Regional, Universidade Nova de Lisboa)
12:30 Experiencias de desarrollo territorial en zonas despobladas de los Alpes y los Apeninos
Giacomo Zanolin (Dipartimento di Mediazione Linguistica e di Studi Interculturali)
14:00 Xantar
15:30 Actividade no campo (5 h) polo Val da Cerveira

Domingo, 10/6/2018

9:00 É posíbel unha silvicultura sustentábel e multifuncional? Cara a un novo modelo de monte en Galicia
Gaspar Bernárdez (Departamento de Produción Vexetal, Universidade de Santiago de Compostela)
10:30 Pausa-café
11:00 A contribución do turismo á creación de empresas no espazo rural galego: desexos, realidades e incertezas
Noelia Araújo (Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Universidade de Vigo)
12:30 O turismo na Serra de Queixa, O Invernadeiro e San Mamede
Manuel Rodríguez (Centro de Estudos EuroReg/xionais)
14:00 Xantar
15:30 A Galicia rural de baixas densidades: demografía, economía e ordenación do territorio
Rubén C. Lois (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela)
17:00 A diversidade paisaxística da Serra de Queixa, O Invernadeiro e San Mamede
Augusto Pérez Alberti (Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela)
18:30 Debate final e peche do seminario

Coordinadores

Valerià Paül
Martín Agrelo

Diploma e recoñecemento

O diploma acreditativo só se expedirá cando a asistencia sexa igual ou superior ao 85% do tempo. Faranse controis regulares de asistencia ao longo do seminario e tamén nas actividades de traballo de campo.

Matrícula

1. **Modalidade ordinaria:** Inclúe material docente, cafés e xantares. Sen hospedaxe: **50 €**.
2. Empadroados en Vilariño de Conso: **matrícula de balde**.
3. **Modalidade para estudantes do Grao en Xeografía e Historia da USC:** Actividade recoñecida como 1 crédito ECTS. Non se cobra inscrición pola actividade docente. Os custos de hospedaxe en albergue municipal e manutención son de **60 €**. Os alumnos desta modalidade deberán matricularse tamén na Secretaria Virtual da USC e satisfacer , despois do seminario, os trámites necesarios ante a UXA.
4. **Modalidade con hospedaxe en albergue municipal:** inclúe material docente, cafés, xantares, ceas e hospedaxe no albergue municipal. **60 €**
5. **Modalidade con hospedaxe en casa rural ou apartamentos:** inclúe material docente, cafés, xantares, ceas e hospedaxe en casa rural ou apartamentos: **150 €** (prazas limitadas)

As matrículas relizaranse en liña, a través da páxina web da Fundación Juana de Vega: www.juanadevega.org.
Data límite de inscricións: 4 de xuño de 2018
Ao recibirdes a confirmación de admisión no curso logo da inscrición, cómpre realizar o pago de matrícula antes do 6 de xuño de 2018.
Máis información en info@juanadevega.org e o teléfono 981.654.637

Organiza

Fundación Juana de Vega

Fundación Juana de Vega
Rúa Salvador Allende, 92, 15176, San Pedro de Nós
Oleiros (A Coruña)

Colaboran

Concello de Vilariño de Conso

USC Universidade de Santiago de Compostela

ANTE Análise Territorial GI - 1871